



REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 12 DE MARZO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove e quince horas do día doce de marzo de dous mil trece, reúnese a Mesa de contratación para a apertura de documentación e proposta de adxudicación do contrato de “Servizos complementarios e de colaboración na xestión recaudatoria municipal en vía de apremio e para colaboración na xestión administrativa e recaudación das multas de tráfico”, presidido polo Concelleiro de Facenda e Medio Ambiente, don Raimundo González Carballo; por delegación do Excmo. Sr. Alcalde; asisten como vocais o a Titular do OTXT, dona María del Mar Suárez Campo; a portavoz do grupo municipal do PP, dona María José Rodríguez Teso; a Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de contratación dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria, que da fe do acto.

Constituída Mesa de contratación para apertura de documentación e proposta de adxudicación e previamente ó acto de apertura dos “SOBRES C”, a Mesa de Contratación procede á calificación dos documentos presentados procedéndose, pola Secretaria, a apertura dos “SOBRES A” que conteñen a documentación administrativa sendo as seguintes:

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA “SOBRE A”:

-Proposición nº 1 presentada por **don Pascual Seguí Bañuls**, en representación da empresa **SCI, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 2 presentada por **don Amparo Barreales Cardín**, representación da empresa **RECYGES S.L.**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 3 presentada por **don Rafael Francisco Alonso Polo**, en representación da empresa **RECAM**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Proposición nº 4 presentada por **don Eduardo Lojo López**, en representación da empresa **COORDINADORA DE GESTIÓN E INGRESOS S.A.** examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Proposición nº 5 presentada por **don Carlos Manuel Rico Alonso**, en representación da empresa **GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.** examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Comprobada a documentación correspondente aos “SOBRES A”, procédese, pola Mesa de Contratación a declarar admitidas todas as proposicións presentadas e incorporalas ao expediente e proceder a apertura en acto público dos “SOBRES C:

critérios sometidos a xuízo de valor”, propondo que as ofertas técnicas sexan remitidas a Titular do OTXT para o seu informe.

E no sendo outro o motivo deste acto, dáse por terminado no lugar e data enriba indicados.